

PROTOCOLO DE FUNCIONAMIENTO DO SERVIZO DO COMEDOR ESCOLAR

**CEIP PLURILINGÜE VICENTE OTERO
VALCÁRCEL**

CURSO 2023 - 2024

ÍNDICE

| | |
|--|-----------|
| 1. INTRODUCCIÓN | 2 |
| 2. CLASIFICACIÓN DO COMEDOR | 2 |
| 3. PRAZAS | 2 |
| 4. CALENDARIO E HORARIO DO COMEDOR | 2 |
| 5. RELACIÓN DE USUARIOS E PERSOAL DO SERVIZO DE COMEDOR | 3 |
| 6. OBXECTIVOS DO COMEDOR | 4 |
| A) OBXECTIVOS XERAIS | 4 |
| B) EDUCACIÓN PARA A SAÚDE | 5 |
| C) EDUCACIÓN PARA A CONVIVENCIA | 5 |
| 7. FUNCÍONS DOS DIFERENTES MEMBROS DO COMEDOR ESCOLARES | 5 |
| A) UNIPERSOAIS | 5 |
| B) ÓRGANOS COLEXIADOS | 9 |
| 8. NORMAS DE CONVIVENCIA | 9 |
| 8.1 CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E MEDIDAS CORRECTORAS | 11 |
| 9. MENÚS | 12 |
| 10. ALERXÍA E/OU INTOLERANCIAS ALIMENTICIAS | 13 |
| 11. FORMA DE PAGO | 14 |
| 12. FALTAS DE ASISTENCIA | 14 |
| 13. ALTAS E BAIXAS NO COMEDOR | 14 |

1. INTRODUCCIÓN

O ámbito de aplicación deste protocolo comprende aos usuarios do CEIP Plurilingüe Vicente Otero Valcárcel que contén alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria.

Para un correcto funcionamento do servizo faise necesario elaborar un protocolo de uso de comedor no que os usuarios/as e as persoas que traballan e/ou colaboran na prestación deste servizo, coñezan con precisión cales son as súas obrigas e os seus dereitos en relación co mesmo.

Neste protocolo deben aparecer polo tanto, cales son as función das persoas que participan no servizo: persoal de cociña, persoal de atención ao alumnado do comedor, encargado/a de comedor, secretario/a do colexio e director/a. Tamén se sinalarán os dereitos e deberes do alumnado que recibe o servizo e das súas familias e como se organiza o comedor.

2. CLASIFICACIÓN DO COMEDOR

A clasificación do comedor do CEIP Plurilingüe Vicente Otero Valcárcel está clasificado como tipo E (351 a 500 comensais), e a modalidade de presentación de servizo é a de xestión directa da Consellería.

A esta clasificación correspóndelle un oficial 2º de cociña e catro axudantes de cociña.

3. PRAZAS

O número de prazas autorizadas pola Consellería de Educación (*Instrución 2/2023*) para o curso 2023/2024 é de 404 usuarios.

4. CALENDARIO E HORARIO DO COMEDOR

O comedor escolar comezará o primeiro día lectivo do mes de setembro e finalizará o último día lectivo do mes de xuño. As estratexias de adaptación ao centro que se programan para os/as alumnos/as de tres anos ao inicio de curso, esixirán regular o uso do servizo para estes/as alumnos/as no período sinalado.

O horario do comedor é de 14:20 a 15:20 horas. O centro dispón de dous espazos de comedor e este curso o servizo de comedor realízanse en dúas quendas.

- Nunha **quenda previa a do alumnado**, dende ás 13.30 as 14:00, comerá o persoal de servizo do comedor e os colaboradores e os coidadores do centro.
- **A 1ª quenda é de 14:20 a 14:55.** No comedor pequeno come o alumnado de 6º de Educación Infantil, 3º, 4º de Educación Primaria e o alumnado de 5º usuario de transporte.

No comedor grande come o alumnado de 4º e 5º de Educación Infantil, 1º, 2º de Educación Primaria e o alumnado de 6º usuario de transporte escolar.

- **A 2ª quenda é de 15:00 a 15:30.** Emprégase só o comedor grande, e come o alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria que NON é usuario do transporte escolar.

5. RELACIÓN DE USUARIOS E PERSOAL DO SERVIZO DE COMEDOR

O número de prazas autorizadas pola Consellería de Educación (*Instrución 2/2023*) para o curso 2023/2024 é de 404 usuarios. Neste número de prazas inclúense as prazas de cobertura obrigatoria do persoal que intervéñ no servizo de comedor e persoas coidadoras do centro, un total de 23.

Ademais das 14 persoas colaboradoras de comedor a relación de persoal que intervéñ no comedor é a seguinte:

| | |
|----------------------------------|--|
| Directora | Iria Sánchez Prieto |
| Encargada de comedor | María Otero Desentre |
| Persoal laboral | Adrián Viñas Nión Mª Esperanza Mesejo Vázquez Mª José Pena Brañas Mónica Pita Rodríguez Mª Esther Roca Vázquez |
| Persoal Auxiliar Coidador | José Manuel Díaz Sánchez Mª Begoña Rodríguez Regueiro |

| COMISIÓN DO COMEDOR ESCOLAR | |
|-----------------------------|------------------------------|
| Iria Sánchez Prieto | Directora |
| Olalla Sande Blanco | Secretaria |
| Beatriz Moscoso López | Representante docente |
| Carlos Rodríguez Rodríguez | Representante das familias |
| María Otero Desentre | Encargada do comedor escolar |

Os criterios para a súa elección que se aprobaron en Consello Escolar con data de 1 de setembro do 2022 foron:

- Novas persoas colaboradoras.
- Persoas colaboradoras que no curso anterior foran substitutas.

- Persoas colaboradoras no curso anterior con fillos/as admitidos no comedor escolar por servizos sociais, transporte, familia numerosa, etc.
- Persoas colaboradoras do curso anterior coa certificación do curso de formación ofertada polo Concello en cursos anteriores.
- Persoas colaboradoras do curso anterior con boa disposición e aptitude.
- Solicitude de familiares de alumnado.

O persoal colaborador será o encargado de velar polo correcto desenvolvemento da actividade, atendendo ás chamadas que poidan recibir do alumnado e tratando de axudarlles se o precisan.

Nas entradas encargarase de recoller ao alumnado de Educación Infantil e de organizar ao resto do alumnado nos comedores. Nas saídas acompañarán ao alumnado nos desprazamentos (distribución do alumnado de transporte, de actividades ou alumnado que é recollido por persoas autorizadas).

A colaboración no comedor comporta o compromiso no coidado e vixilancia dos menores, a aceptación do sistema de organización e de funcionamento do comedor e o seu compromiso de asistencia e de avisar das ausencias, que deben ser xustificadas, previamente e con tempo suficiente. O incumprimento destas condicións será causa válida para que o centro dea por terminada dita colaboración.

Este curso apostouse por retomar a implicación do alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria nas tarefas de comedor. O alumnado, anotado voluntariamente para a colaboración, está repartido en 4 grupos: dous en 5º e dous en 6º.

Cada grupo participará nas labores de comedor durante unha semana e irán rotando: unha semana 5º e a seguinte 6º.

6. OBXECTIVOS DO COMEDOR

A) OBXECTIVOS XERAIS

- Desenvolver e fomentar hábitos alimentarios saudables dende a escola, educar nutricionalmente, ensinar un comportamento social e ser centro de desenvolvemento de habilidades e de convivencia.
- Cubrir unha parte importante das necesidades nutricionais dos nenos, proporcionando cantidades axeitadas de enerxía e de macro e micro nutrientes que permitan un bo estado de saúde e un crecemento óptimo durante a idade preescolar, escolar e adolescente.

- Proporcionar unha alimentación variada para garantir a inxestión suficiente e axeitada de nutrientes e enriquecer a capacidade de adaptación do neno aos diferentes alimentos, sabores e texturas.

B) EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

- Fomentar e desenvolver hábitos persoais de hixiene e boa alimentación como base dunha correcta educación.
- Proporcionar unha alimentación suficiente, variada e equilibrada.
- Poñer en práctica normas hixiénicas e sanitarias estudadas en clase como lavar as mans, desfrutar dunha dieta equilibrada e coidado do medio ambiente.
- Adquirir e poñer en práctica hábitos relacionados coas normas de educación básicas na mesa.
- Concienciar á familia nos patróns de conduta adquiridos no comedor do centro educativo e a importancia de continuar cos mesmos no seu fogar.

C) EDUCACIÓN PARA A CONVIVENCIA

- Adquirir e poñer en práctica hábitos de convivencia e cooperación nas tarefas comúns.
- Espertar no alumnado o espírito de cooperación, implicándoos, tendo en conta as súas posibilidades, en tarefas do servizo de comedor: poñer e retirar o servizo, axudar aos máis pequenos/as...
- Fomentar o compañeirismo e as actitudes de respecto e tolerancia cara toda a comunidade educativa.
- Acadar un comportamento correcto na mesa.
- Acadar un ambiente sen moito ruído, evitando berros e dialogando de forma distendida.
- Coidar e respectar os locais, mobiliarios, enseres e utensilios de uso comunitario.

7. FUNCÍONS DOS DIFERENTES MEMBROS DO COMEDOR ESCOLARES

A) UNIPERSOAIS

- DIRECTORA:
 - o Elaborar e aprobar co equipo directivo, o protocolo de funcionamento do servizo de comedor escolar, como parte integrante da programación xeral anual do centro.
 - o Dirixir e coordinar o servizo de comedor escolar e designar o persoal docente

que voluntariamente participe nas tarefas de atención ao alumnado.

- Supervisar o correcto funcionamento do servizo de comedor prestado polo centro.
 - Estudar e elaborar o proxecto de orzamento do servizo de comedor escolar.
 - Autorizar os gastos, e ordenar os pagamentos necesarios para o seu bo funcionamento.
 - Verificar o cobramento das cantidades correspondentes do servizo de comedor aos usuarios del.
 - Facer as contratacións de subministración, se for o caso, de acordo coa lexislación vixente.
 - Coordinar as tarefas do persoal que preste servizos no comedor escolar.
 - Velar polo cumprimento das normas sobre sanidade e hixiene, de acordo cos protocolos que para o efecto remitirá a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
 - Calquera outra función necesaria para o correcto funcionamento do servizo.
- ENCARGADA DO SERVIZO DE COMEDOR:
- Coordinar un plan de actividades que permita o desenvolvemento de aspectos e normas relacionadas co hábito de saber comer, e de relación social no contorno do servizo de comedor escolar.
 - Potenciar o desenvolvemento de actividades de lecer e tempo libre para dinamizar a atención e vixilancia do alumnado usuario.
 - Executar as tarefas propias de coordinación e supervisión necesarios para o funcionamento do servizo de comedor.
 - Organizar o funcionamento do servizo de comida de mediodía.
 - Elaborar a actualización periódica do inventario do equipamento do servizo de comedor e a súa reposición.
 - Elevar á dirección do centro propostas sobre control e mellora de menús, así como da distribución do orzamento e control do gasto.

Para lograr unha mellor planificación e seguimento das súas funcións, a persoa encargada do servizo de comedor asúmeas para todo o curso escolar, salvo circunstancias excepcionais, logo de xustificación e autorización da dirección do centro.

- OFICIAL DE COCIÑA:

- Velar porque se cumpran as normas de hixiene e seguridade no comedor escolar.
- Elevar propostas a directora do centro para acadar un mellor funcionamento do servizo.
- Elaboración de comidas de acordo ao menú establecido : a función da xefa de cociña é a de elaborar os diferentes menús, as auxiliares colaborarán segundo as directrices dadas pola xefa de cociña.
- Manifestar a encargada do comedor e ao director/a as cantidades de comida precisas, da forma máis axustada posible para evitar excedentes.
- Solicitar os arranxos pertinentes para unha mellora do servizo do comedor escolar e de acordo a lexislación na prevención de riscos laborais á dirección do centro.
- Dar instrucións ás auxiliares de cociña, previo informe á directora do centro e a encargada do comedor. Para evitar situacións de conflito laboral será a directora ou no seu defecto a encargada de comedor a que dite as normas pertinentes.
- Coñecer as necesidades nutricionais dos/das alumnos/as de dieta e elaborar o menú de acordo ás mesmas.
- Controlar o bo estado das mercancías antes da elaboración da comida correspondente e informar inmediatamente a encargada do comedor de calquera anomalía que se poida producir de acordo as mesmas.

- AUXILIARES DE COCIÑA:

- Executar as instrucións dadas pola dirección do centro, a encargada do comedor e a xefa de cociña.
- Realizar a limpeza das instalacións e mantemento do comedor escolar.
- Formular á dirección calquera proposta que redunde no mellor funcionamento servizo.
- Participar en actividades de formación permanentes.
- E todas aquelas que lles encomende a directora a través da encargada do comedor.

- PERSOAL DE ATENCIÓN EDUCATIVA, APOIO E VIXÍA DO SERVIZO DE COMEDOR:

- Deberán desenvolver a súa actividade de acordo ás normas de entrada,

durante a comida e á saída da mesma, dando conta de todo o que poida acontecer.

- Deberán velar polo correcto desenvolvemento da actividade, atendendo ás chamadas que poidan recibir do alumnado e tratando de axudarlles en todo momento co manexo de cubertos, recollida de pratos, etc....
- Dirixirse nun ton axeitado e linguaxe correcta aos alumnos/as comensais, sempre co debido respecto e de acordo á capacidade de cada un deles.
- Velar para que o comportamento do alumnado sexa correcto.
- Amosar un aspecto pulcro e coidado de xeito que sirva de modelo e reforzo positivo para os nenos/as.
- Colaborar activamente no servizo no momento da comida.
- Entradas:
 - Recollida dos alumnos e alumnas de Educación Infantil e acompañalos ao comedor.
 - Organización e distribución do alumnado de Educación Primaria na súa chegada ao comedor (o alumnado baixa co profesorado que está con eles na última sesión)
- Saídas:
 - Acompañar ao alumnado á aula a polas súas mochilas.
 - Baixar ao alumnado transportado ao patio cuberto para organizar alí a súa saída.
 - Vixiar que os alumnos que non marchan a casa despois do servizo de comedor laven os dentes e axudar aos máis pequenos a facelo.
- Axudar aos nenos e nenas que o precisen nas actividades de alimentación e aseo.
- Informar á encargada do comedor ou a directora do centro de calquera incidencia relacionada co servizo de comedor para poñelo en coñecemento das familias ou tomar as medidas oportunas.
- Deberán desenvolver aquelas tarefas que lles sexan asignadas diariamente.
- Cumprir co sinalado nos diferentes apartados deste protocolo.

As persoas colaboradoras poderán sancionar condutas incorrectas dos alumnos e alumnas no comedor ou no período posterior no patio, deberán notificalo ás encargadas de comedor.

Asemade cando por calquera motivo non poidan cumprir co horario, deberán notificalo con tempo suficiente para atopar unha persoa substituta.

No momento en que algún das colaboradoras incumpra con calquera das funcións especificadas neste protocolo a dirección do centro resérvase o dereito de prescindir dos seus servizos.

B) ÓRGANOS COLEXIADOS

- CONSELLO ESCOLAR:

- Coñecer o protocolo propio que recollerá as directrices de organización e funcionamento do servizo de comedor escolar, así como o seu seguimento e avaliación durante o curso escolar. Este protocolo será parte integrante do regulamento orgánico do centro.
- Coñecer o proxecto de orzamento de ingresos e gastos do servizo, como parte anual do orzamento do centro. Así mesmo, coñecerá a súa xustificación de gastos.
- Coñecer a admisión do alumnado usuario, de acordo cos criterios de prioridade establecidos nesta orde.
- Coñecer os menús de acordo coas necesidades de alimentación do alumnado, por proposta da comisión do servizo de comedor escolar.
- Coñecer a relación de alumnado beneficiario total ou parcialmente do servizo de comedor escolar, de acordo cos criterios establecidos para tal fin.
- Coñecer e aprobar os criterios de selección da lista de pais/nais ou titores legais colaboradores do servizo de comedor.

- COMISIÓN DE COMEDOR:

- Velar polo cumprimento das normas vixentes sobre sanidade e hixiene.
- Revisar o estado de contas do comedor escolar.
- Calquera outra función necesaria para o bo funcionamento do comedor escolar.

8. NORMAS DE CONVIVENCIA

Os alumnos e alumnas están obrigados a manter unha conduta apropiada no comedor escolar, da mesma maneira que en calquera outra actividade das que se desenvolven no Centro.

Os alumnos e alumnas usuarios do comedor escolar respectarán as seguintes normas:

- Respetar a hora de entrada no comedor. Entrarase con orde baixo as indicacións do persoal colaborador.
- Seguir as indicacións que en cada momento lles fagan as persoas encargadas da súa vixilancia ou o persoal de cociña.
- Non está permitido levar obxectos ao comedor.
- Mentres se come poderase falar con normalidade, aínda que cos compañeiros da propia mesa e sen levantar excesivamente o ton de voz.
- Non está permitido levantarse da mesa sen o permiso do persoal colaborador responsable da mesa.
- Cando un alumno necesite avisar a unha persoa colaboradora farao sempre levantando a man, pero nunca alzando a voz.
- A comida repartirase de forma equitativa entre todos os comensais.
- O alumno ou alumna que considere que non vai comer dese prato pedirá que se lle sirva só unha pequena cantidade do mesmo, non podendo rexeitar probar ningún prato salvo os casos de alerxias, intolerancias ou outras debidamente xustificadas.
- Os alumnos e alumnas probarán todos os menús como aplicación da función de aprendizaxe dunha alimentación sa que debe realizar o comedor escolar.
- Cada alumno queda obrigado a respectar as normas elementais de urbanidade, a manter a mesa limpa, sen esquecer a postura correcta e gardar o debido respecto ós compañeiros. Manterán as normas comúns de hixiene durante o transcurso da comida.
- Os alumnos/as comensais de cada mesa encargaranse do uso correcto dos utensilios e material, procurando non deterioralo.
- Antes de saír procurarán que a mesa quede limpa e sen desperdicios polo chan. En caso de habelos, ocuparanse de recollelos.
- Cando o persoal colaborador solicite silencio, deixaranse as conversas para atender ás súas indicacións.
- Os pais ou titores teñen a obriga de avisar de calquera alerxia, ou calquera outro problema de saúde que teña relación coa comida.
- Os/as alumnos/as non poderán saír do recinto escolar durante o período de comedor. Si os seus pais/nais/titores legais veñen a recollelos antes de acabar o mesmo, será por causa xustificada e seguindo o procedemento xeral establecido no centro: notificación por escrito e/ou telefónica e sinatura do documento existente ao respecto.

- De cometer condutas contrarias ás normas de convivencia durante a súa permanencia no comedor os alumnos poderán ser sancionados seguindo o establecido no *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro polo que se desenvolve a Lei 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar*, no que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos.

8.1 CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E MEDIDAS CORRECTORAS

A) Conductas contrarias á convivencia leves:

| CONDUCTAS CONTRARIAS A LA CONVIVENCIA | MEDIDAS CORRECTORAS |
|--|--|
| Desobedecer levemente as indicacións do persoal de cociña e comedor. | Amonestación verbal ao alumno/a. En caso de reiteración, comunicación por escrito. |
| Entrar e saír do comedor desordenadamente. | |
| Entrar con obxectos non permitidos (xoguetes, libros....) | |
| Non comer con corrección o non facer uso axeitado dos utensilios | |
| Permanecer mal sentados e/ou columpiarse nas cadeiras. | Separación temporal do grupo de referencia e integración noutro. |
| Facer ruído excesivo, berrar ou falar con alumnos/as doutras mesas. | |
| Tirar intencionadamente comida ao chan ou a outros/as compañeiros/as. | |
| Calquera outra conduta que afecte levemente ao respecto, á integridade ou á saúde das persoas. | Realización de tarefas relacionadas coa conduta contraria a la convivencia cometida. |

Estas sancións poderán ser impostas polo persoal do comedor.

B) Conductas contrarias á convivencia graves:

| CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA | MEDIDAS CORRECTORAS |
|--|--|
| Acumulación de tres condutas contraria a la convivencia leves. | Calquera das contempladas para as condutas contrarias á convivencia leves. |
| Desobedecer gravemente as indicacións do | Amonestación por escrito ao alumno/a. |

| | |
|---|---|
| persoal de cociña e comedor. | Comunicación aos pais/nais/titores legais. |
| Saír do comedor sen permiso. | Separación permanente do grupo de referencia ou da súa mesa de comedor. |
| Deteriorar a propósito ou por mal emprego o material propio do comedor. | Comer illado dos/das compañeiros/as (ata un máximo de cinco días) |
| Calquera outra conduta que afecte gravemente ao respecto, á integridade ou á saúde das persoas. | Expulsión temporal do servizo de comedor |

Estas sancións poderán ser impostas polo equipo directivo do centro e serán comunicadas aos pais/nais/titores legais.

C) Conductas contrarias á convivencia moi graves:

| CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA | MEDIDAS CORRECTORAS |
|---|--|
| Acumulación de tres conductas contrarias á convivencia graves. | Calquera das contempladas para as conductas contrarias á convivencia graves. |
| Saír do centro sen permiso durante o horario de comedor. | Expulsión temporal do comedor. |
| Calquera outra conduta que afecte moi gravemente ao respecto, á integridade ou á saúde das persoas. | Expulsión definitiva do comedor. |

Esta última sanción poderá ser imposta pola comisión do comedor do Consello escolar do centro, previa audiencia aos pais/nais/titores legais.

9. MENÚS

O menú será único para todos os comensais se elaborará tendo en conta as necesidades do alumnado, os casos individuais de alerxias, intolerancias e dietas específicas medicamente certificadas. Ademais seguiranse os seguintes criterios:

- As recomendacións nutricionais básicas para o alumnado escolar baseadas nos criterios establecidos pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e pola Consellería de Sanidade, sen menoscabo da supervisión que corresponda de conformidade co artigo 40.3 da *Lei 17/2011 de 5 de xullo, de seguridade alimentaria e*

nutrición.

- A variedade e equilibrio nutricional. Promóvese a inclusión de alimentos de orixe vexetal, que deben constituír a base da alimentación, ricos en hidratos de carbono complexos e fibra.
- Os produtos frescos e de tempada. O comedor do noso centro forma parte da rede de Comedores Km0, impulsada por Slow Food Compostela. Por este motivo, emprégase produto de proximidade e, segundo as posibilidades da zona, alimentos ecolóxicos ou con garantía de calidade. Ofrécense menús equilibrados tendo en conta as tradicións culinarias da nosa comunidade sen que isto impida fomentar o coñecemento doutras gastronomías e a elaboración de novos pratos.
- Ás estacións do ano.
- Ao orzamento da Consellería de Educación.

Cada un dos menús leva mencionados os alérxenos que conteñen e estará exposto na páxina web do centro.

A estrutura dos menús é a seguinte:

- **Un primeiro prato:** composto basicamente de legumes, verduras e hortalizas.
- **Un segundo prato:** que adoita incluír carne, peixe (procurarase fresco e variado) ou ovos; acompáñase, polo xeral, de guarnición, verduras, hortalizas, pastas arroz ou patacas.
- **Sobremesa:** que inclúe fundamentalmente froita da tempada ou derivados lácteos como queixo ou iogur.

10. ALERXÍA E/OU INTOLERANCIAS ALIMENTICIAS

Contemplanse menús específicos, adaptados a aquelas intolerancias e alerxias xustificadas cun informe médico. Estas certificacións médicas deberán ser actualizadas todos os anos no caso de que non sexan permanentes.

Para unha mellor garantía no control das intolerancias, alerxias e diversos problemas nutricionais, o alumnado así diagnosticado terá no seu sitio unha etiqueta que indique o tipo de intolerancia que presenta.

En ningún caso se administrarán medicamentos aos nenos/as que asistan ao comedor. Igualmente, nunca deben entregar medicamentos aos nenos/as. En caso necesario, arbitrase o xeito de que os/as pais/nais ou titores legais poidan acceder ao centro para administrarlles a medicación pertinente. Para isto deben poñerse en contacto coa Dirección. Neste apartado hai excepcións para o alumnado incluído no programa de Alerta Escolar.

11. FORMA DE PAGO

O pago é mensual e farase mediante o ingreso da taxa correspondente a cada mes. O ingreso farase nos primeiros 20 días do mes seguinte ao da presentación do servizo do comedor. Se o pago non se realiza mediante Abalar, unha copia do impreso enviarase ao centro, preferiblemente de maneira telemática ao correo de administración do centro (administración.ceip.vicente.otero@edu.xunta.gal). Este requisito é indispensable para poder facer uso do comedor.

No caso de que non conste o pago do servizo, o alumno ou alumna non poderá facer uso do comedor ata que non se xustifique o pago.

12. FALTAS DE ASISTENCIA

As faltas de asistencia xustificaranse mediante aviso no correo electrónico de administración (administración.ceip.vicente.otero@edu.xunta.gal). Unicamente aquelas faltas que se comuniquen antes das 9:45h de cada día poderán descontarse do importe do correspondente mes agás cando deba saír do centro por unha urxencia.

A non xustificación das faltas, o incumprimento das normas de convivencia do comedor ou o impago das mensualidades pode chegar a supoñer a baixa no servizo de comedor de xeito temporal ou definitiva.

13. ALTAS E BAIXAS NO COMEDOR

Deben notificarse por escrito á Dirección do centro.